

Informe sobre incoherencia entre planos do plan xeral de ordenación municipal con respecto á clasificación de parcela (Concello de A Pobra do Caramiñal - Expediente XCP 23/024)

ANTECEDENTES

ÚNICO.- O 14.04.2023 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (Núm. 2023/1142958) oficio do Concello da Pobra do Caramiñal no que formula a seguinte consulta en relación coa clasificación dunha parcela con referencia catastral 15068A022001860000YB situada en Cabío - Aeros:

“(…)

1. O plano extraído do SIOTUGA N.R. 40 a clasificación da parcela é solo de núcleo rural de área de expansión. Escala do plano 1/2.000. Dato do plano xullo de 2007.

2. O plano do PXOM 1/10.000 establece unha clasificación de solo rústico de protección de costas. Escala do plano 1/10.00. Data do plano febreiro do 2008.

(…)

A consulta versa sobre:

Que clasificación é válida para a parcela catastral 15068A022001860000YB dado que existe unha incoherencia entre dous planos?”.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello da Pobra do Caramiñal conta con Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) aprobado de forma parcial polas Ordes de 01.03.2007 e do 25.10.2007 da Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes e definitivamente por Orde do 03.07.2008 da mesma consellería.

Os acordos foron publicados no *Diario Oficial de Galicia (DOG)* dos días 16.03.2007; 14.11.2007 e 01.09.2008 e o seu contido normativo no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* núm. 270, do 22.11.2007.

TERCEIRA.- A Orde do 01.03.2007 sobre aprobación definitiva parcial do PXOM da Pobra do Caramiñal (DOG núm. 54, do 16.03.2007) aprobou definitivamente, entre outros, o plano correspondente ao núcleo rural de Cabío – Aeros (Plano de ordenación de núcleo rural a escala 1/2000 denominado NR40), así como o “Plano 1-G. Clasificación do solo do termo municipal. Escala 1/5.000” e deixou en suspenso unha serie de ámbitos clasificados como solo de núcleo rural, incluída a súa área de expansión.

En ambos planos, a parcela á que se refire a consulta atópase dentro da área de expansión do núcleo rural de Cabío – Aeros.

O Plano 1-G, relativo á clasificación do solo no termo municipal, foi modificado posteriormente para adaptalo aos cambios das delimitacións dos ámbitos que quedaran en suspenso ao abeiro da Orde do 25.10.2007 e foi aprobado definitivamente mediante a Orde do 03.07.2008 (DOG núm. 168, do 01.09.2008).



No Plano 1-G aprobado definitivamente, a parcela en cuestión clasifícase, por erro, como solo rústico de protección de costas.

Polo tanto, apréciase unha contradición, no tocante á clasificación da parcela con referencia catastral 15068A022001860000YB, entre os planos 1-G "Clasificación de solo de término municipal. Escala 1/5.000" e NR-40 Plano de ordenación de núcleo rural a escala 1/2000, toda vez que no primeiro é clasificada como solo rústico de protección de costas e no segundo como solo de núcleo rural.

A resolución desta discrepancia debe efectuarse tendo en conta a finalidade específica e sentido de cada un dos citados planos.

Para estes efectos, a normativa do PXOM, nomeadamente o seu Título I "Disposicións de carácter xeral", baixo a rúbrica de "Documentos e valor dos mesmos" establece que para os efectos do desenvolvemento e aplicación do plan xeral, os planos de ordenación *"conteñen e expresan graficamente as determinacións substantivas da ordenación establecida, tanto as que se refiren á proxección da urbanización prevista como as que incidan na regulación do uso do solo e da edificación e complementan, polo tanto, os preceptos integrados nas normas urbanísticas"*.

Por outra banda, o plano 1-G é o que contén a clasificación dos distintos tipos de solo, porén tendo en conta que este plano é o que se dirixe á clasificación do solo propiamente entendida, asignando as clases de solo, para os efectos clasificatorios, procede acudir ao dito plano e en concreto o aprobado definitivamente mediante Orde do 03.07.2008 que é o vixente para determinar a clasificación da parcela.

Neste sentido pronunciouse o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, entre outras, na sentenza do 30.06.2011 (núm. Recurso 4009/2008).

CUARTA.- Sen prexuízo do exposto na consideración xurídica anterior, segundo reiterada xurisprudencia, os planos teñen que reflectir as determinacións substantivas da ordenación establecidas no instrumento de planeamento.

No caso concreto, a tramitación seguida para a aprobación definitiva do plan xeral evidencia que a clasificación procedente do núcleo de Cabío – Aeros sería a de solo de núcleo rural, posto que o dito núcleo fora obxecto de aprobación definitiva mediante a Orde do 01.03.2007 e non podía ser obxecto de modificación posterior.

En consecuencia, a modificación do plano de clasificación do solo do termo municipal realizada con posterioridade á dita orde obedeceu a un erro que debe ser rectificadolo concello nos termos previstos no artigo 109.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas*.

CONCLUSIÓN:

1.- A parcela obxecto da consulta situada en Cabío – Aeros está clasificada como solo rústico de protección de costas, de acordo co Plano 1-G de clasificación do solo no termo municipal, aprobado definitivamente mediante Orde do 03.07.2008.

2.- A citada clasificación, tal e como resulta da tramitación seguida para a aprobación definitiva do PXOM, constitúe un erro que debe ser rectificadolo conforme ao artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

